

# Entre dous abismos

FARSADA GRANGUIÑOLESCA

N'UN PASO

Feita por A. VILLAR PONTE

o correr da pruma

e representada duas veces na

"IRMANDADE DA FALA"

da

CRUÑA



Tip. de EL NOROESTE

1920

## DRAMATIS PERSONÆ

---

TÍA MARICA (vella de setenta anos):

*Srla. Carmen Chao,*

FELISA (dona de trinta):

*Srla. Elvira Bao.*

LOLA (dona de vintacincos):

*Srla. Carmen Meléndez.*

TÍO XAN (vello de setenta e dous):

*Baltasar Edreirá.*

Loís (mozo de vintecatros):

*Victor Casas.*

EDUARDO (siñore de trintesete):

*Arcadio Carballo.*

FÉLIX (siñore de trintenove).

*Loís Lafuente.*

A aición n'unha casa siñorial d'aldeia  
nos tempos d'agora.



---

## PASO ÚNICO

---

*Sala folgada. No foro, unha fenestra pechada. A' direita un espello coberto por un manto e unha porta, que da á escala. A' isquerda outra porta. No medio do chan, sobre un paño negro, tumulado o cadavre de D. Félix, entre jachas de cera amarela, acesas e latexantes. Un Cristo ó fondo. Loda, debruzada n'unha cadeira con xeito dóroso e os cabelos en desorde. Ao erguerse o teón, hai un silenzo medoñento e tráxico na escea. Todos dormitan, cansos e preguiçosos, agás aquela dona. Despois d'un momentiño, súpetamente a ponla d'unha arbre, levada pol-o vento, abate nos cristaes da fenestra.*

### TIA MARICA

*(Espertando tremante). ¡Ai Guesús!  
¡Avomaría!*

### TIO XAN

*(Espreguizándose) ¡Qué tes, miña Marica!*

TIA MARICA

¡E non ouviches, hóm? (*Con xeito misterioso*).

TIO XAN

O qué muller? Ganas de leria. ¡Proti tremas com'unha vara verde! Seiqouzo o vento que zoa.

TIA MARICA

O vento, o vento... Sentín com'unha mán petando nos cristaes da fenestra.

TIO XAN

Seique che subeu á testa o café carregadiño de caña as cheas que papaches pol-a meia noite.

TIA MARICA

Ten mais xeito c'o que dís, Xán, ou non te decatas do difuntiño? Ropara no logare. As cousas da morte sonche moi serias.

(*Volve a petar a ponla na fenestra con mais forza*).

TIO XAN

(*Dando un pulo co' medo*) ¡Qué...!

TIA MARICA

¡Ai! San Silvestre benditiño; E agoraríraste de míñ? O difuntiño estará quedo!

(*Erguese un pouco pra ollalo*).

— 5 —

TIO XAN

¡Estará quedo! (*Erguese o mesmo*).

TIA MARICA

Non sentichel-a mán!

TIO XAN

E ela, parecer, parécea.

TIA MARICA

Sonche avisos do ceo; cousas d'ELI  
Señor.

TIO XAN

Poida que sí. ¡Señorita Lola...!

LOLA

Pónvos medo a ponla da pereira que  
avala o vento. Sodes ben cobardes.

TIO XAN

A ponla, sería a ponla... Pois Marica  
papoulle un medo, señorita...

TIA MARICA

Eso, fala ti, hom, que ainda non acou-  
gaches do susto.

TIO XAN

Eu, por rirme de tí.

TIA MARICA

Rir, richete ó primeiro. Pró despois...

— 6 —

TIO XAN

Fixen que m'asustaba pra me rire...  
*(Volvi a batirse a ponla con maior  
forza).*

TIA MARICA

¡ E agora ?

TIO XAN

*(Querendo reponerse). Me.. me.. me..*

LOIS

*(Espertando e refregand'os ollos).*  
¡ Ai, tío Xán, somelle un carneiriño !

TIA MARICA

Porque ten me.. me.. me.. do, com'a  
min, o moi valentón *(Recalceando as  
yerbas).*

LOIS

¡ Pro elo que foi !

LOLA

Nada, home, nada. A ponla da perei-  
ra que da co vento, na fenestra... ¡ Non  
seades superticiosos !

LOIS

¡ E asustáronse ?

TIA MARICA

Mire, señoritiña Lola, e disimule:  
vostede é nova, pro eu xa lle vou vella

e téñolle visto moitas cousas. Fórónlle tres petaduras cada vez mais fortes. E os avisos de San Pascoal, sonlle asin, abofé.

LOLA

E dalle Marica ô agardelo. Déixame en paz. Rezade ou dormire. (*Erguese e fita agarimosa o cadávre*). ¡pobrínol!

LOIS

Eu, coma erer, non vos creio n'esaas cousas, mais cando se finou meu pai, qu'en groria esteña, sintin o moucho tres noites enantes. E o mesmo cando a morte da tia Sabela. E, poida que forá unha casoalidade...

TIO XAN

Pois eu, ou... (*cai un anaco do cal do teito*) ou...

EDUARDO

(*Que xa espertou e os escouita*). Oubea, tio Xán, coma un can, foralle a i-alma, cando venta norte.

LOLA

(*Amostrando o anaco da cal*). Hasta un pouco de cal que cai pol-o vento, pónvos medo. (*Rinse os homes*). ¡Rídes-vos, agora!

TIA MARICA

Ten razón a señorita, rídesvas agora.

EDUARDO

Os mortos non lle volven (*A Marica*).  
Todas esas sonlle supersticiós fillas da  
inoranza.

LOLA

(*Volvendo a fitar con moito afeuto o cadávre*). Non volven, Marica, non,  
non volven ó mundo os que se finan.  
¡ Se volveran !

(*Tocando unha man do morto con tenrura*).

TIA MARICA

E vostede querería que volvesen ?

LOLA

(*Como falando co cadávre*). Querería,  
querería... Perdere para sempre ós que  
se queren ós que unha quixo tanto ! Se  
volvesen despois de teren sabido dendo  
outro mundo, onde coido eu que ha sa-  
berse todo, canto unha os quería... !  
(*Chora e déixase caer na cadeira con fondo desconsolo*).

EDUARDO

Millor estarán aló, cando Diolos leva,  
e eles non volven.

TIA MARICA

Pois eu teño visto moitas cousas do  
outro mundo e estou moi escamada.

LOIS

Coma unha bertorella vella.

TIA MARICA

Tí, cala astrevido, que inda és mozo  
e non sabes o que se pesca.

LOIS

En troques, tía Marica, vósté sabe  
ben o que se pesca coa caña. (*Todos se  
rin*).

TIO XAN

Agora non che fun eu, comadriña.

TIA MARICA

Respetai, respetai o logare, xa que  
non tedes respeto pr'as miñas cañas.

LOLA

E d'elas falábamos, señora.

TIA MARICA

Leria, leria. Sodes uns xudíos mou-  
ros. ¡Non vos lembrades de qu'está ei-  
quí a señorita? Ela e D. Eduardo pó-  
denme facer unha broma, se cadra. Pro-  
vosoutros, mal criados, que sodes do-  
meu igoal...

EDUARDO

Nen s'encabuxe, tía Marica. Non llo-  
fan por mal. E por pasar o tempo.  
(*Erguéndose*). Lola, ¡Non ten sono!

TIA MARICA

Ten que s'ire deitar un anaquiño, señorita.

LOLA

Ealade vosoutros, deixádeme, deixádeme a min. Eu sei o que faigo.

EDUARDO

Pero, Lola, seia razonabre, com'o foi a pobre viuda. Felisa, sua irmá, obedecenos e deitouse. Porque mañán e día de trafego c'o enterro. ¡Como tería o corpo de seguir no velorio? Pois vosté tamén vai estar morta.

LOLA

Cada un é cada un. Esta é a derradeira noite que pudo ver á Félix. Inda cadávre, téñoo cabio de min. Síntome ben acompañándoo, velándoo. Queríalle moito. ¡Era tan bo home, tan bo! (*Africida*).

EDUARDO

Pro eso non lle fai, Lola. ¡Pódeo sentir mais vosté que a pobre Felisa, qu'era a sua muller? E Felisa deitouse un pouco. Vosté ó fin e o remate, é soio cuñada de Félix, qu'en paz esteña.

LOLA

Os sentimentos, Eduardo, non teñen

comparanza en ningures. (*Alritada*).  
Abenda me non digan mais nada.

EDUARDO

Ben logo.

TIO XAN

E terque.

TIA MARICA

E a pobrinya sintíucho moito. Cala,  
xa cant'o gallo. (*Ouvese o canto*).

LOIS

¡Carapio! Volvía a prendel-o sono...

EDUARDO

(*Abrindo un pouco as madeiras das  
fenestra*). Xa está amancendo.

TIA MARICA

Xa, señor, é mesmo de día. Por iso  
o diña dóunolo Dios para ben... E  
mais calouse o vento.

TIO XAN

Aló vai a noite. Un pouco dormin-  
do e outro pouco parolando...

LOIS

Desque se foi a moita xente que veu  
de pirmeira hora e tomámol-o café, co-  
ma todo ficou en silenzo, todos escabe-  
zamos un bo soniño.

EDUARDO

Eu non coidaba dormire, mais pillei-  
ano un poueo.

TIO XAN

Poi-la tía Marica, pescoulla boa.

TIA MARICA

O que hor?

TIO XAN

A soñeira muller. Bruabas mais que  
o mare.

LOIS

Pescoulla con...

TIO XAN

Con «copeada», qu'era c'o que pese-  
ban'a sardiña nos meus tempos.

TIA MARICA

¡ Tomáchedela conmigo ! Rezai, rezai,  
xudíos mouros ; tede temor de Dios,  
Noso Señore... Ti, Lois es tan mal cria-  
do e tan pouca vergonza, coma este ve-  
llón chocho. (*Pol-o tio Xán*).

(*Síntense pasos fora, despois do rui-  
do que fai un ouxeto o caere*).

TIO XAN

Ca.. ca.. ca... len.

EDUARDO

(*Que sigue ollando pol-a fenda da  
fenestra*). Canta ó día com'os galos, tío  
Xán.

FELISA

Se agora comenzarán a vir'os veci-  
ños. E xa sabe que non consentimos  
que vellara mais xente.

LOIS

Entón, co'a súa licencia, Doña Fe-  
lisa (*erguéndose*).

FELISA

Sí, sí, e moitas gracias Loisiño.

LOIS

[Ai, señora! Imonos logo tío Xán?]

TIO XAN

Non, era que...

TIA MARICA

Que tiña medo.

TIO XAN

¡ Eu ?

TIA MARICA

Tí, tí, tí, tí.

TIO XAN

Cala, galíñez choca.

(Aparece Felisa na porta, toda de loito. Trai os cabelos ben recollidos).

LOIS

¡ A señora !

EDUARDO

Ah, Felisa. Para que s'ergueu tan axiña ?

FELISA

Porque xa veu o día. E quero que vaian para as suas casas os que teñen que traballar pol-a mañán.

LOIS

Inda é cedo, señora.

FELISA

Non, agora xa quedo eu, queda Marica ; abaixo está a sobriña de Marica, e queda Lola tamén. Os mais deben de s'ire. Lois, tío Xán ; e vosté, Eduardo...

EDUARDO

Xa sabe Felisa que a míñ desgraciadamente, non m'agarda ninguén.

TIO XAN

E falla que lle fai, abofé, unha compañeira. Búsquea siñore, e disimule o.

atrevimento: ten cartos, é novo, non sei  
que se lle perde solteiro.

EDUARDO

Fun sempre nemigo do casoiro, pero  
agora ¡quén sabe! (*Mira para Felisa*).

TIA MARICA

Pois que seja pra ben e de contado,  
Don Eduardo.

FELISA

Non sabíamos nada....

EDUARDO

E que eu comenzo a sabelo agora.  
Pro inda, inda tardarei algo en face-  
lo. Quizais alá pra o ano que ven, ou  
pra o outro, se cadra.... (*Lola ergue a  
cabeza*).

FELISA

(*Roparando*). E tí, Loliña, agora po-  
días deitarte un pouco, anda...

LOLA

(*Secamente*) Non.

FELISA

Pero, muller...

LOLA

Non e non, dixen.

TIA MARICA

¶ E s'enferma?

LOLA

Millor. E se morro ,moito millor aínda,  
Dios mo perdoe.

FELISA

(A Eduardo). Que xenio ten esta miña irmá.

EDUARDO

A falla de descanso, o non dormire...:

LOLA

(Erguéndose). Sí, o non dormire  
(aparte) porque se dormira non tería  
visto coma diante do cadávre quente  
do marido coquetea a muller c'ó seu  
antigo mozo. (alto). ¡Pobre Félix!

FELISA

Calquera diría que a viuda és tí.

LOLA

Pode que calquera (con sorna).

TIA MARICA

Non s'alrite, señorita. Dinno polo-  
seu ben.

LOLA

O meu ben sei eu cal é.

TIA MARICA

As penas señorita, prodúcenlle o his-  
tórico. Seillo eu.

TIO XAN

(*Baixiño*). E sabes curalo tamén.  
(*Facendo aceno de bebere*).

TIA MARICA

Arrenégote moscón ruín.

FELISA

Marica, abre a fenestra. (*Erguese e ábre-a*).

TIA MARICA

Santos e bos días nos dea El Señore...

FELISA

E vosoutros, podedes irvos. Xa e día crano. Vosté, Eduardo...

EDUARDO

Quédome, non faltaría outra cousa.  
Ia deixalas soilas!

FELISA

*Se agora comenzarán a vir'os veciños. E xa sabe que non consentimos que velara mais xente.* (1)

---

(1) Este palramento de Felisa i-os dous seguintes, un de Lois i-outro de Felisa, que marcamos c'un asterisco están ben aquí, debendo tachálos o leitor do folletín anterior, páxina 13, onde aparecen por erro de axuste.

LOIS

*Entón, co'a sua licencia, Doña Felisa,* (erguéndose).

FELISA

*Si, si, e moitas gracias, Loisiño.*

LOIS

*¡Ai, señora! Imonos logo, tío Xán?*

TIO XAN

E imonos, logo (*érguese tamén*).

LOIS

(*Arentándose ó cadavre*). Parez que vai vivo mesmamente. Da xenio ver o difuntiño.

TIO XAN

E com'o pobre sofreu tan pouco.  
Aquel cochino ataque! Diol-o teña na sua santa groria. (*Vánse entrabmos*).

TIA MARICA

*¡Ai! non somos nada. (Volvendo a sentarse). ¡Ai Guesús!*

FELISA

Non, non te sentes; vai termar do lume, pra que tua sobriña se deite un pouco, se quere. Prepara unha taza de café, —vósté soio toma café—, pra don

Eduardo. Xa que s'empeña en se quedare.

TIA MARICA

Ben logo. Véñase cando queira, señore.

EDUARDO

Pero se non teño ganas, Felisa.

FELISA

Vaia, Eduardo, que a friaxe da noite métese no corpo e pecisase entoan o estómago. Obedézame.

EDUARDO

Entonces, obedecerei: por un momento.

(Fican Felisa e Lola, soillas. Felisa, decatándose de que a irmá áchase astaída, ergue o pano que cobre o espelio, e mirase n'el, arregrando o peitado. Todo moi súpeto.

FELISA

; Quén ven ahí!

TIA MARICA

Senhora ama, o sacerdote, que ben de presa, deseia farlarl'un momento no sei qué do enterro. Trai unhos papés na man.

FELISA

Vou aló. (*sal*). Agarda aquí namen-  
tras...

TIA MARICA

Descoide señora.

LOLA

(*Erguéndose súpetamente*). Vaite,  
Marica.

TIA MARICA

Heina deixar sola, señoritiña.

LOLA

Vaite. Cómpreme ese gosto. E pra  
rezar unha oración que soio ten virtú  
cando se reza a soilas e'o morto que es-  
tá corpo presente. ¡ Sabes ?

TIA MARICA

Pro, señorita Lola... "

LOLA

Anda, faime ese favor ; eu non teño  
medo com'a tí, anda... (*empuxándoa*).

TIA MARICA

Voume, logo. (*Vaise*).

LOLA

¡ Gracias á Dios ! (*vai a porta*). Inda  
non ven nenguén. Falan embaixo  
(*achegándose ó cadávre*). Asín arelaba  
ficar soilas contigo. Pra despedirme ben  
de tí, pobre Félix, eu qu'era a única  
no mundo que che quería co'a i-alma,  
con toda i-alma. (*Aroenllándose*). Re-

«cei a noite enteira pol-a tua salvación.  
Agora, agora poido darche o derradeiro adiós, como eu quería darcho, asín...  
*(bicándoo nos beizos e colléndolle unha mán).* ¡Cantas veces, en vida, tentoume o desejo de biearte, como te bico agora, mos beizos que xa non falarán mais; na frente, n'esta frentiña que pensaba moitas cousas grandes, pro que non pensou nunca na grandeza do grandísimo amore que en segredo eu sentía por tí. Porque estiven, sempre, namorada tolamente de tí, pobre Félix, qu'eras tan bo e tan nobre. Tanto te quero que me parez que as tuas mans i-a tua carne, non teñen a friaxe tolledora e arrepiante das d'outros mortos: Agora fago o que non poiden facer en vida. Agora bícote, cando ti non podes bicare. Cando teu corpo está morto e non sinte, e a tua i-alma, se me ve e m'escoita, gardará o segredo, do meu amore, deste amore, que m'abafaba, que m'abraiba aburador e que cicais n'outro mundo algún día poderás correspondere. Sofrín moito, adorándote en silenzo. E xa poido ¡pobre de mí! decircho todo, revelarcho todo; —! As miñas bágoas acompañarán-te no cadaleito e irán contigo á foxa.  
*(Salaia esconsolada. Logo coidando oir xente, erguése de súpeto, e corre a escutar á porta da escalaíra, exoitando)*

*a pranto das meixelas). ¡Sobe alguén!*  
Non, non, siguen de parola embaixo.

FELIX

(*Con voz baixa, sospirando*). ¡Lola!

LOLA

(*Sen arreparar no cadávre*). Cháman-  
me; ¡chamáronme...? Pareceu-me...  
(Mira pol-as habitaciós).

FELIX

(*Erguéndose paseniñamente, fregan-*  
*do os ollos e movendo as pernas*). ¡Lo-  
liña!

LOLA

(*Volvéndose, con fondo terror*).  
¡El!! ¡Ah!!... ¡Virxe santa!!... (*Fi-*  
*ca feita un novelo, encollida, treman-*  
*te, contr'a parede*).

FELIX

(*Que quedou sentado no chan botán-*  
*dolle os brazos*). Estou vivo... Non te-  
ñas medo.

LOLA

(*Receosa, vacitante*). ¡Fé... líx!

FELIX

Foi un caso de catalépsia. O médico  
doume por morto. (¡Os médicos!) Loli-  
ña, desbota o medo. Serénate. a tí dé-

boche a vida. Ouvin todo... Os rezos pol-a miña i-alma, os tristeiros tanguidos das campanas, como dispoñían o meu enterro, como me choraban, como pensaba gardal-a miña memoria un amigo, como atopaba consolo a viuda desconsolada. ¡Horrible, Loliña, horrible...! Contando as horas que se me facían segundos, desexando que non chegara o amancer nunca, vendo preto o momento terrible de sere metido, acochado na caixa pra m'afogar n'ela. E quería berrar, abril-os ollos, moverme; que angustia. Dios, que angustia! e non podía, non podía como si fora todo de cristal ríxido. N'ngún reo de morte debeu sofrir tanto. Debin botar cañas, coido tel-os cabelos brancos, brancos. (*indo ó espello*). E non... ¡Ai reconézome! Estou vivo, como enantes. (*Con ledicia salvaæ*). ¡Coma enantes non...! (*Di esto, con brusco troque, pensativo.*)

### LOLA

¡Oh! ¡Pero soño! Estou desperta?  
¡Meu Dios, vou chamar! ¡Fé...!  
(*Tapándolle boca e apertándoa*).  
Non, non chames Loliña; miña neniña boa e santa, non chames: mira, con véncte ben, estou vivo, e xa sabes que a ninguén mais que atí ll'interesa a miña resorreuación. Para «ela» e para «él», pode ser un gran disgosto.

LOLA

¡ Non, Félix !

FELIX

Cala, que non abonda a tua bondade  
pra disculpalos. Cala, qu'eu dou por  
ben empregado canto sofrín e sofro e  
sofrirei logo, por conoscere a tua i-alma  
de ouro, en troques de saber da ruinda-  
de cativa d'outra. O teu amore, xoña  
miña, desentangarañoume, fixo fervel-o  
sangue nas miñas veas, salvoume a vi-  
da. Os teus bicos, as tuas bágoas foron  
a miña salvación... Bicos de santa qu'eu  
che devolvo honradamente ! (*bicández con xeito paterno.*)

LOLA

De tola, de pecadora.

FELIX

De Santa a quen adoro. Porqu'és a  
miña vida ; a vida da miña vida.

LOLA

Esquece todo canto tés ouvido ; canto  
lle dixen ó morto... que non morreu...  
¡ s'é que vive !

FELIX

Non ves que vivo, non sintes a mi-  
ña calore, non sintes o meu corazón  
que anda debocado galgando pol-o pei-  
to... ¡ Esquecer, Lolíña ! Pódescer calar, e-

calarei. Eu tamén terei agora un amor  
segredo ou un segredo d'amore. Mais o  
esquecemento, imposibre. ¡ Se me dé-  
chela vida, inda que para sofrirte !

LOLA

Dinche a vida ; porque... si... estás  
vivo... ¡ quizais a costa da miña. Que a  
miña ¡ ond'irá agora ? Nesta casa non  
colle... fora... ¡ Ah ! penso que Dios poi-  
da vencerte coma rival.

FELIX

Pensas no convento? (*Lola fai sinos  
afirmativos*). ¡ Non me deixes soio !

FELIX

Non, por Dios, Lola, me non deixes  
soio non m'abandones, quédate ; maior  
sacrificio que no convento, mais que no  
mosteiro facerás n'esta casa, onde sin  
tí, a miña vida será o inferno. ¡ Soio  
con ela ? Non, Loliña, non me deixes  
soio con ela, se non queres ser respon-  
sable do afundimento dun fogare. Eu  
prométoche afogar no silenzo a miña  
pasión por tí, o meu odio hacia ela, se  
tí me das o consolo da tua presencia.  
Entr'o teu amore, o noso amore i-o meu  
odio hacia ela, tenderei unha ponte-de

disimulo para que a vida d'este fogar  
peida deslizarse sobre do abismo frio  
e terribre que abriu a verdade na noite  
negra e tráxica da oxe. D'outro xeito....

LOLA

Venien, venien...  
FELIX Agora comenza a comedia, a comedia que sangra.

LOLA

Félix esquençe todo por Dios. E esconde te un pouco, alá (*simplando o coarto*); evitalle un sosto a ela, a miña irmá, a Felisa. Mientras eu a preparo.  
*Félix metese no coarto. Hai un silencio que excea.*  
EDUARDO Tendo a cabeça tolada, aiim a ista noite non falei con ello.

EDUARDO

(Tamen fora). Os enterros dan moito que facer.

LOLA

(Saindolle o alcontro). Felisina...! Agora ven a cair,

FELISA

LOLA

Non fai falla. Félix non morreu.

FELISA

¡Qué dís! Trastornoute a mala noite, Pero, i-o cadávre, (*decatándose de que falla*) o cadávre, onde está o cadávre?

LOL

EDUARDO

(*Logo de reparar timén*). I-o cadávre! ¡Qué fixo!

FELISA

Toleou...! (tom o rego ou a ovir) LOLA  
Félix non morreu, está vivo.  
FELISA

Axiña, !qué fixeches que Toteu te la!  
EDUARDO

Agarda, sospeito... (*dirixindose o coarto, supondo que Lola arrastrou para ali o cadávre*)

O PAI O LAO

LOLA

Foi un caso de catálepsia. Non t'assustes, Felisa. (Sal Félix, cando Eduardo chega á porta).

FEELIX

i-o Eduardo! (Eduardo assiste e da un biberón)

LOLA

Non s'asusten.

FELISA

(*Indo a quedar cheia de medo, trás d'Eduardo*). Virxe Santa! ¡Milagre!  
¡E certo o que vexo!

LOLA

(*Rechegándose a Félix, e colléndolle unha man*). Decátense; está vivo, n'o ven, vivo, gracias a Dios!

FELIX

¡Vivo n'un fogar morto! Cando ia caer no negro abismo da morte (*a Lola*) salvácheme, pra traguerme sin querer ó borde d'estoutro abismo terrible e fondo que nos sopara d'eles. (*Siñalando a Eduardo e Felisa, xuntos pol-o medo e distantes*). Mira...

CAI O PANO



—Na páxina 47 a nota de chamada non está ben. E anuíámola con esta que hai que ter en conta: "O palramento de Felisa

que vai de cursiva y os tres seguintes tamén de cursiva sinifican que deben de se tachare os palramento igoaes que por erro d'axuste aparecen na páxina 43."

—Na páxina 23 o palramento derradeiro correspóndele a Félix como resulta doado decatarse.

que no obviamente é de que se deve ter  
muito de consideração quanto ao de que se  
trata de determinados processos das botânica  
que nesse caso devem ser designados como  
processos de determinação da flora.  
— Na figura 23 o determinismo determinado  
correspondentes a figuras como resulta que  
não pode ser considerado que

## Obras teatraes do mesmo autore

"O peso d'unha lei" boceto dramático escrito a pregos das sociedáis obreiras de Lugo i-estrenado no Teatro Circo da mesma cidade con motivo da festa do traballo. Representouse varios anos hastra que perdeu actualidá, xa que n'ela combatiase a redenzón a metálico do servizio militar.

"A Patria do Labrego", drama de tesis anticaciquil.

"Xan entre elas" arregro no galego d'unha comedia de Shakespeare.

"O Mariscal" lenda estórica en tres actos i-un prólogo, en verso, co'a colaboración de Cabanillas.

---

THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON

WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON

WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON

WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON

WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON

WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON


WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY

ILLUSTRATED BY RICHARD D. WILSON

WITH A HISTORY OF THE CROWN OF THORNS

BY JAMES H. STANLEY



REAL ACADEMIA  
GALEGA  
A CORUÑA

F13430

Biblioteca